

## CONCURSO DE TRASLADOS ADMINISTRACIÓN XERAL: AMPLIACIÓN DE PRAZO DE SOLICITUDES DE ELECCIÓN DE POSTOS

Santiago de Compostela 03/04/25

Publicada hoxe en DOG a Resolución pola que se acorda a apertura do período de presentación de solicitudes de elección de postos de traballo e o procedemento da xustificación da posesión de méritos e requisitos do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes da Administración xeral.

### Ampliación de postos na fase de resultas:

Advertida a omisión involuntaria de varios postos da fase de resultas, inclúense eses 16 postos que se relacionan no anexo I desta resolución. Pódese consultar tamén en:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados/>

**Amplíase o prazo en 7 días hábiles para a presentación de solicitudes de postos de traballo e acreditación de méritos ata o 24 de abril**

### Acreditación de certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais:

As persoas solicitantes de **postos que impliquen contacto habitual con nenos, nenas ou adolescentes** ou que teñan como **destinatarios principais a persoas menores de idade**, deberán acreditar unha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

A **relación de postos que precisan esta certificación negativa** publicárase na web corporativa da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, no enderezo:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados.>

Para iso podes:

- **Autorizar** a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal para recadar o correspondente certificado negativo no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos segundo o formulario dispoñible en <https://www.xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados/consulta>
  - Debes incorporar esa autorización ao teu expediente persoal electrónico, na epígrafe doutros méritos da canle de emprego público de Galicia (Fides).
- **De non autorizar a consulta**, debes achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais ao teu expediente persoal electrónico, na epígrafe doutros méritos do Fides.

A existencia de antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos, ou a non xustificación da certificación negativa, comportará a imposibilidade legal de adxudicación dos postos que impliquen contacto habitual con persoas menores.

